# LINGUA GALEGA DENDE O 16 AO 20 DE MARZO

**Esta semana repasaremos:**

- As palabras con mp e mb.
- O uso do r  e do rr.
- Os substantivos femininos e masculinos.

➔ **Os seguintes exercicios deberán ser copiados na libreta de lectoescritura (lingua/lengua), escribindo a data completa do día no que fagan os exercicios.**

**Por exemplo: Luns 16 de marzo de 2020.**

**Exercicio 1.** Busca as palabras con mp e mb na lectura da páxina 96 e 97:

- Palabras con mp:
- Palabras con mb:

**Exercicio 2.** Busca na lectura da páxina 96 e 97: 3 palabras cun só r débil, 3 palabras cun só r forte e 3 palabras con rr. Recorda que o R débil debe ir acompañado diante e detrás de dúas vogais, ao igual que o RR. Ponse o dobre RR para distinguir o son forte do débil e por iso teñen as mesmas características.

| **R** | | **RR** |
|---|---|---|
| **FORTE** | **DÉBIL** | **FORTE** |
| **1.** A**r**mouse<br>**2.** ____________________<br>**3.** ____________________<br>**4.** ____________________ | **1.** Ho**r**a<br>**2.** ____________________<br>**3.** ____________________<br>**4.** ____________________ | **1.** Co**rr**ían<br>**2.** ____________________<br>**3.** ____________________<br>**4.** ____________________ |

**Exercicio 3.** Busca na lectura da páxina 96 e 97: 6 substantivos femininos e 6 substantivos masculinos.

- Recorda que os substantivos son aquelas palabras que nomean cousas (mesa), persoas (Coral) ou animais (bolboreta). Os substantivos poden ser femininos ou masculinos. Os substantivos femininos podemos idenficalos pondo diante da palabra a, as, unha, unhas. E os substantivos masculinos podemos identificalos pondo diante da palabra o, os, un, uns.

| Substantivos femininos | Substantivos masculinos |
|---|---|
| 1. A mestra | 1. Os trasnos |
| 2. | 2. |
| 3. | 3. |
| 4. | 4. |
| 5. | 5. |
| 6. | 6. |

**Exercicio 4.** Realiza os exercicios de repaso da páxina 105 do libro. Revisa tamén que non che quedara ningún exercicio sen facer do tema.

Solución dos exercicios do libro:


ACTIVIDADES FINAIS 8

1 Escribe os substantivos onde corresponda.

femininos: moto, ponte, escaleira

masculinos: camion, sinal, farol

2 Escribe estas palabras en feminino.

- bombeiro ▶ bombeira
- amigo ▶ amiga
- rapaz ▶ rapaza
- mestre ▶ mestra

3 Resolve cada adiviña. Son palabras con mp ou mb.

Cunha boca ampla
e o seu único dente...
taláni taláni,
chama pola xente. ▶ campá

Dúas caras redondas
de pel ben estirada.
Petan sobre el
e fai festa rachada. ◀ tambor

DEMOSTRA O TEU TALENTO

4 Elixe e resolve a actividade que prefiras. R.L.

A. Describe unha praza da túa vila ou dunha vila que coñezas.

B. Nomea catro obxectos da clase con substantivos de xénero feminino.

Intelixencia lingüística

NOTAS

105

Suxestións didácticas

Competencias

Solución para os exercicios 1, 2 e 3:

Exercicio 1.

- Palabras con mp: superco**mp**licadas, a**mp**lo e co**mp**añeiros.
- Palabras con mb: non hai.

Exercicio 2. Hai moitas posibilidades. Algunhas son estas:

| R | | RR |
|---|---|---|
| **FORTE** | **DÉBIL** | **FORTE** |
| **1. R**echouchío<br>**2. R**úas<br>**3.** Pe**r**didos | **1.** Prima**r**ia<br>**2.** Xe**r**al<br>**3.** Cla**r**os | **1.** Subte**rr**áneas<br>**2.** Non atopei máis<br>**3.** |

Exercicio 3. Hai diferentes posibilidades. Algunhas son estas:

| Substantivos femininos | Substantivos masculinos |
|---|---|
| 1. A mestra<br>2. Violeta<br>3. A escola<br>4. As fadas<br>5. As árbores<br>6. As plantas | 1. Os trasnos<br>2. O bosque<br>3. Os paxaros<br>4.Os alumnos<br>5. Os humanos<br>6. Os edificios |